

Domingo VILLAR

A Maruxaina e o señor Guillet

Na madrugada do 26 de xuño de 1962, o mecánico Emile Guillet fumaba o último pitillo do día asomado á banda de babor do *Caprice de Printemps*, un boniteiro francés que se dirixía ao porto de Ferrol cando, entre as augas iluminadas polo luar, distinguiu unha figura facendo filigranas baixo o casco. Pola axilidade coa que nadaba pensou que sería un delfín, mais cando se aproximou á superficie, comprobou abraiado que aquela criatura tiña a cabeza dunha fermosa muller.

O francés foi buscar os lentes, pero antes de que os puidese poñer sentiu a sacudida do barco ao petar contra un baixo.

Os cinco tripulantes botaron una balsa á auga e alcanzaron a costa de San Cibrao a golpe de remo, entre lamentos e ás escuras. Deixaran no *Capriche de Printemps* moitas das súas perenzas e unha enorme vía de auga.

O capitán, un bretón chamado Essoneau, asegurou que regresarían para rescatar as cousas de máis valor, pero antes do amencer o *Capriche de Printemps* fórase para sempre ao fondo na pedra Centoleira.

Aos dous días, o patrón e tres mariñeiros volveron a Francia, mais o mecánico non marchou. Alugou una habitación, mercou un bote pequeno e cada atardecer saía ao mar coa intención de ver de novo a serea.

Na vila dicíase que baixo o illote da Sombriza vivía a Maruxaina, un híbrido de peixe e muller que atraía os mariñeiros contra os farallóns. Pero Guillet non cría na maldade da serea. Tiña o convencemento de que aquela

criatura se achegara a eles para advertilos do perigo, e mesmo cría ter escoitado un berro de alerta pouco antes do impacto.

O mecánico pasou meses pairado sobre a pedra e sen noticias da serea. Todos os días mercaba una botella de viño e saía ao mar, onde falaba en voz alta. Se algún barco se achegaba á Centoleira, poñíase bravo e espantábao berrando en francés, pois Guillet achacaba a marcha da criatura aos aparellos nos que se podía enredar e morrer.

Un Nadal, cando todas as redes do porto apareceron cortadas, os veciños, fartos de aturalo, ingresárono pola forza no psiquiátrico de San Rafael de Ribeiras de Lea.

A segunda vez que tratou de fuxir, atárono ao leito, onde pasou oito anos soñando desperto coa serea que vira unha vez.

En 1975 detectáronlle unha enfermidade grave e, así que baixou a garda, o francés escapou. Camiñou polo monte tres días ata chegar a San Cibrao, e pasou, descalzo e con barba, xunto a unhas redeiras que traballaban na praia. Meteuse vestido no mar e xa non o volveron ver.

O ano pasado, uns submarinistas atraídos polas lendas da Maruxaina mergulláronse na Sombriza. Logo foron á Centoleira, onde non localizaron á serea mais descubriron centos de botellas no fondo do mar. En cada unha atoparon unha carta de amor diferente. Ata chegar a terra non souberon que dicían. Estaban escritas en francés.

* Publicado en *La Voz de Galicia* 08/05/2011.

O Santo de Bella Unión

Alfredo Ríos emigrou a América vestindo pantalón curto. Regresou a Riobó corenta anos máis tarde lucindo traxe cruzado, cabelo branco e sombreiro canotier. Ninguén sabía a que se tiña dedicado, pero trouxera cartos de abondo para restaurar a casa da familia e vivir con certa folgura, sen traballar.

Don Alfredo pasou varios anos de vida apracible en Galicia, ata que un domingo, na feira de Ponte Ulla, unha muller con acento de ultramar comezou a perseguilo, prostrándose ante el e suplicándolle a voces que a curase da enfermidade que padecía.

Don Alfredo logrou zafarse ocultándose entre uns postos de roupa e marchou furtivamente mentres a muller quedou tendida entre os tenderetes, desconsolada, asegurando que aquel home era o Santo de Bella Unión, o curandeiro máis célebre do Uruguai, que recibía diariamente decenas de pacientes en Artigas, na fronteira co Brasil, a un día de camiño desde Montevideo. Segundo ela, o Santo curaba calquera doenza cunha imposición de mans.

A noticia viaxou de Ponte Ulla a Riobó antes que don Alfredo. Para cando apareceu, os veciños xa non o miraban igual.

Uns receaban das facultades milagreiras do home do sombreiro branco, pero outros afirmaban que, xa sendo neno, Alfredo mexara nunha roseira murcha e a árbore revivira e dera flores fermosísimas. Incluso alguén asegurou que á ama que o aleitara quedáranlle os peitos tesos coma cornos ata a súa morte, aos noventa e seis anos.

Don Alfredo non bebía. Pero unha tarde, farto de non atopar mais ca miradas reticentes e sinais da cruz, entrou no café e pediu unha botella.

Levaba catro cuncas cando Antón Machuca se lle acercou para falarlle dunha dor enriba dos ollos que non o deixaba durmir. Don Alfredo

deixou que se explicase e, así que rematou, deulle un sopapo coa man aberta que estalou na sobremesa coma unha ficha de dominó.

O Machuca saíu do café incomodado, pero pola mañá o seu enfado mudara en admiración: o golpe curáralle a sinusite. Xa non había dúbida de que don Alfredo era o Santo de Bella Unión.

Os días seguintes moitos veciños peregrinaron ata a súa casa para pedirlle que os curara igual que fixera co Machuca. Ao principio don Alfredo resistiuse. Pero logo, vendo que a xente insistía, comezou a repartir sopramocos para non desairalos. Todos marchaban de alí coa cara avermellada polas labazadas e a satisfacción.

A base de práctica, Don Alfredo foille collendo o gustiño á cousa e atrevíase a curar o que lle trouxesen. Tanto daban hernias, cefaleas ou cólicos de ril. Para todos a mesma receita: man de santo. Todo gratis, iso si. E se alguén insistía en pagar, o home convencíao co argumento de que alí só cobraba o paciente.

A sona do Santo aumentou, e a Riobó chegaba xente de Padrón, A Estrada e Santiago buscando nos sopapos de don Alfredo a curación dos seus males. Incluso disque a un bispo viron alí unha noite, saíu reconfortado e coa meixela esquerda a xogo cos botóns da sotana.

No outono, antes das gripes, unha morea de xente chegada en autobuses formaba en fileira cada mañá na porta do Santo. E don Alfredo, arremangado, dedicábase á súa tarefa con laboriosidade, facendo descansos cada vinte curacións para somerxer a man en auga con xeo un par de minutos e retornar xubiloso á faena.

Durante moitos anos as labazadas do Santo resoaron a diario no val do Ulla. Apagáronse con el, unha tarde de agosto. Ninguén dos que o coñeceron o esqueceu.

* Publicado en *La Voz de Galicia* 22/05/2011.